



A emotiva homenaxe do colexio Divino Salvador a un gran poeta

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, atopou unha sorpresa na súa visita ao centro de Coruxo: os alumnos agasallárono cun vídeo cheo de amigos e poemas

SUSO PORTELA
/ FOTOS: ELIAS REGUEIRA

O escritor Antonio García Teijeiro quedou abrallado. O que en principio era unha visita para charlar sobre poesía e animar á lectura aos alumnos do colexio plurilingüe Divino Salvador de Coruxo mudou nunha homenaxe dos escolares e dos profesores por ser recoñecido co Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil pola súa obra "Poemar o mar", o segundo libro da triloxía que o poeta vigués adicou ao mar.

García Teijeiro é un dos autores que

participa na terceira edición do concurso xornalístico FARO DA ESCOLA, unha iniciativa do diario decano que conta co patrocinio da empresa de transportes Vitrasa-Avanza, o grupo de distribución Vegalsa-Eroski e a Deputación de Pontevedra, en colaboración con Edicións Xerais e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

Os profesores e os alumnos do Divino Salvador esperaron a chegada do poeta, cargado coa súa mochila cunha caixa con sorpresa. Pero o que ía ser unha charla para animar á lectura de poemas converteuse de súpeto nunha

merecida homenaxe a un home que acaba de xubilarse como profesor e nunca vai xubilarse como escritor. Dous alumnos, en representación dos seus compañeiros de 5º e 6º de Primaria, que participan na elaboración do xornal escolar para o concurso de FARO, foron os encargados de recibir ao poeta e levalo ao salón de actos. Sen tempo para presentacións, os escolares anunciaron a Antonio que antes de falar con eles, atendera á pantalla porque o acto ía converterse nunha homenaxe e un recoñecemento ao seu labor literario. Alumnos e coordinadores tiñan preparado un vídeo de homenaxe no

que desfilaron amigos e familiares de Antonio e poemas dos seus libros recitados por grupos de alumnos do Divino Salvador con escenografía variada.

O primeiro que felicitou ao poeta foi o seu amigo e escritor Jordi Sierra i Fabra, quen resaltó a súa amizade e os anos compartidos arredor da literatura. Helena Pérez, de Edicións Xerais, fixo un repaso á traxectoria literaria de Antonio García Teijeiro. A emoción e algunha bágoa agromaron no rostro de Antonio cando apareceu no vídeo o seu fillo Antón, residente en Estados Unidos, e o saúdo da súa neta. A emoción seguía, entre poemas recitados,

coa intervencións do ilus Xan López, de Xulio García María Canosa, Leticia Costas Estévez ou Juan Carlos Maimos. Antonio non deixaba prenderse coas palabras que caban os seus amigos.

E como remate sorpresa mada de teléfono en directo amigo, o cantante Paco Ibáñez adelantou que estaba a pre disco con cancións en galgo poemas de García Teijeiro. E foi a entrega como agasallo rídicoo que preparon no honor ao poeta premiado.

▶ 30 Xaneiro, 2018



Antonio García Teijeiro posa cos alumnos do Divino Salvador que protagonizaron a preparación a homenaxe.



Teijeiro escoita ao profesor do colexio Divino Salvador e escritor Xavier Estévez.

Tí participas



O escritor presentou ao seu moneco Martiño.



O escritor agradece a dúas alumnas o exemplar de periódico que prepararon no colexio para agasallalo.



Antonio leu algúns dos seus poemas para os novos amigos do Divino Salvador.

trador Rivas, Xavier tín Ra-de sor- lle adi- a cha- do seu uez, que para un ego dos o broche dun pelexio en